

Consello de Contas
de Galicia



MEMORIA DE ACTIVIDADES

EXERCICIO 2014

ÍNDICE

I. MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2014.....	3
MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2014.....	3
I. INTRODUCCIÓN.....	3
II. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.....	4
III. FUNCIÓN FISCALIZADORA.....	9
IV. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS.....	12
IV.1. PERSOAL.....	12
IV.2. FORMACIÓN.....	14
IV.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO.....	14
IV.3.1. Arquivo e xestión documental.....	14
IV.3.2. Biblioteca e centro de documentación.....	15
IV.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA.....	17
IV.4.1. Proxectos de sistemas.....	17
IV.4.2. Proxectos de desenvolvemento.....	17
V. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL.....	18
VI. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA.....	20
VI.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EJERCICIO 2014.....	20
VI.1.1. Créditos iniciais. Modificacións e créditos definitivos.....	20
VI.1.2. Obrigas e pagamentos.....	21
VI.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EJERCICIO 2014.....	23
VI.2.1. Previsións iniciais, dereitos e recadación.....	23

I. MEMORIA ANUAL EJERCICIO 2014

En cumprimento do previsto nos artigos 20 da Lei de Galicia 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas e 63 do Regulamento de réxime interior aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións do Parlamento de Galicia co Consello de Contas, preséntase a Memoria anual correspondente ao exercicio 2014, así como as Contas anuais da Institución referentes ao exercicio 2014.

Non se achega o informe previsto na letra e), apartado 2, do artigo 63 do Regulamento, sobre actividades xurisdicionais practicadas por vía de delegación do Tribunal de Contas, ao non producirse ningunha delegación do devandito tribunal nese sentido. En consecuencia o Consello de Contas non realizou ningunha actividade respecto diso en 2014.

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA CORRESPONDENTE AO EJERCICIO 2014.

I. INTRODUCCIÓN.

O Consello de Contas de Galicia, ente fiscalizador das contas e da xestión económico-financeira do sector público galego, foi creado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Lei de Galicia 6/1985 que regula a súa organización e funcionamento foi modificada posteriormente pola Lei 4/1986, do 26 de decembro. O Tribunal Constitucional na súa Sentenza 18/1991, do 31 de xaneiro, precisou, entre outras cuestións, que as competencias do Consello de Contas en materia de axuizamento serán exercidas, no seu caso, por delegación do Tribunal de Contas.

Por Acordo do 2 de xuño de 1992 da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, do Parlamento de Galicia, aprobouse o Regulamento de Réxime Interior da institución, ultimándose deste xeito o marco legal no que exerce as súas funcións.

O inicio das súas actividades produciuse o 1 de marzo de 1991, ao tomar posesión dos seus cargos os cinco conselleiros designados polo Parlamento de Galicia. De acordo co previsto na disposición transitoria 2ª da Lei do Consello de Contas, tres conselleiros foron renovados aos tres anos, isto é en xullo de 1994, para así poder axustar os nomeamentos dos conselleiros á renovación parcial na forma legalmente establecida, tres e dous, mantendo a duración dos seus mandatos en seis anos. Posteriormente en 1994, 1995, 1997, 2000, 2003, 2007, 2009 e 2013 foron efectuados polo Parlamento de Galicia os nomeamentos dos distintos conselleiros.

II. ORGANIZACIÓN DO CONSELLO DE CONTAS.

A composición orgánica do Consello de Contas foi establecida polo art. 6 da citada Lei 6/1985. Segundo o disposto no mesmo, son órganos da Institución o Pleno, o Conselleiro Maior, a Comisión de Goberno, as Seccións de Fiscalización e Axuizamento e a Secretaría Xeral. As funcións que corresponden a cada un destes órganos figuran detalladas nos artigos comprendidos entre os números 7 e 11 do antedito texto legal. Ao Pleno atribúenselle competencias en materia de fiscalización e axuizamento xunto con outras de réxime interno; os outros órganos exercen funcións de carácter máis específico: de fiscalización e axuizamento, no caso das Seccións; de administración e réxime interno, no da Comisión de Goberno. Doutra banda, as atribucións do Conselleiro Maior, consisten na representación institucional, na presidencia do Pleno e da Comisión de Goberno, nas convocatorias das súas sesións e na xestión interna (exercer a xefatura superior de persoal, ordenación de gastos e pagos, contratación de obras, servizos e subministracións, entre outras). A Secretaría Xeral constitúe un órgano de apoio aos anteriores.

Durante o ano 2014, concretamente o 17 de xaneiro, o Parlamento de Galicia aceptou a renuncia do Conselleiro Sr. D. Antonio López Díaz.

Posteriormente, o 4 de marzo de 2014, tivo lugar o falecemento do Conselleiro Maior, Sr. D. Luciano Fariña Busto, a quen recordamos pola súa bonhomía, esforzo e dedicación en beneficio da Institución.

Así, en aplicación do sinalado no artigo 8, apartado 3, da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas, o Sr. D. Xesús Palmou Lorenzo quedou investido, como substituto provisional, ao tratarse do Conselleiro de maior antigüidade dentre os que integraban a Comisión de Goberno, Conselleiro Maior, cos dereitos e as obrigas inherentes ao cargo, ata que teña lugar un novo nomeamento, tomando coñecemento fidedigno desta posesión os membros do Pleno do Consello de Contas de Galicia, na sesión celebrada o 5 de marzo de 2014.

Por conseguinte, na referida sesión do Pleno adoptáronse as oportunas decisións relativas á designación de Presidentes das Seccións de Fiscalización y Axuizamento, así como á adscrición dos Sres. Conselleiros ás citadas Seccións e ás Áreas sectoriais.

En consecuencia, ao 31 de decembro de 2014, a composición do Pleno é a seguinte:

Presidente: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
Vocais: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
 Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez
 Pendente de designación polo Parlamento

Pendente de designación polo Parlamento

Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

Na mesma data, a Comisión de Goberno está integrada polos seguintes membros:

Presidente: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo

Vocais: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo

Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez

Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

La adscripción de los Conselleiros a la Sección de Fiscalización es la siguiente:

Presidente: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo

Vocales: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo

Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez

Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

La Sección de Enjuiciamiento quedó integrada por los siguientes miembros:

Presidente: Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez

Vocales: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo

Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo

Secretario: Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Rodríguez Rodríguez

A adscripción dos Conselleiros ás diferentes áreas prodúcese da seguinte forma:

- Áreas de Coordinación Xeral e do Sergas: Excmo. Sr. D. Xesús C. Palmou Lorenzo
- Áreas de Institucional e de Corporacións Locais: Excmo. Sr. D. Ramón J. Núñez Gamallo
- Área de Conta Xeral: Excmo. Sr. D. Dositeo Rodríguez Rodríguez

A actividade dos órganos colexiados no exercicio 2014 queda reflectida no seguinte cadro:

Órganos Colexiados	Nº de sesións
Comisión de Goberno	10
Pleno	8
Sección de Fiscalización	8
Sección de Axuizamento	--
Total Sesións	26

A actividade do Consello de Contas no exercicio 2014 deu lugar ao seguinte movemento de documentos desde e para a Institución.


Memoria de Actividades 2014

Entrada de documentos: 1.812


Saída de documentos: 2.045

Xúntanse dous cadros explicativos, un do organigrama de funcionamento das seccións de fiscalización e axuizamento e outro da administración en xeral.

ORGANIGRAMA: FISCALIZACIÓN E AXUIZAMENTO A 31 DE DICIEMBRE DE 2014



ORGANIGRAMA DE ADMINISTRACIÓN



III. FUNCIÓN FISCALIZADORA

Ao delimitar as competencias fiscalizadoras do Consello, a Lei 6/1985 sinala que o sector público galego está composto pola Administración Autonómica e as entidades locais, así como os seus organismos autónomos e empresas dependentes, as cámaras agrarias, da propiedade, de comercio, industria e navegación, confrarías de pescadores e outras de natureza equivalente. A Lei de Galicia 10/1996, somete á fiscalización do Consello ás fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade polas entidades da Comunidade Autónoma mencionadas ou ás que os seus ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade, sempre que nos seus órganos de goberno ou dirección formen parte representantes da comunidade autónoma.

Como órgano estatutario, que emana do Parlamento de Galicia, o Consello de Contas exerce as súas funcións con plena independencia e sometemento ao ordenamento xurídico, actuando de oficio, a petición do Parlamento de Galicia, por delegación do Tribunal de Contas ou do Tribunal de Contas Europeo, cos que, ademais, pode colaborar en tarefas fiscalizadoras.

A función fiscalizadora do Consello de Contas comprende a actividade económico-financeira e contable do sector público de Galicia, as subvencións, créditos, axudas, avais, exencións fiscais concedidas por aquel, así como os contratos celebrados polos entes públicos sinalados. Todo isto con criterios de legalidade, eficacia, eficiencia e economía. Ten, ademais, encomendada a emisión de ditames e consultas que lle soliciten as institucións e os entes públicos, en materia de contabilidade pública e de xestión económica e financeira.

Os traballos de fiscalización do Consello de Contas conclúen coa emisión de informes que se presentan ao Parlamento de Galicia. Os informes de fiscalización realízanse, ben a iniciativa do propio Consello de Contas, que os inclúe no plan de traballo que anualmente se remite ao Parlamento de Galicia, ou ben a iniciativa deste último.

Os informes poden ser de dous tipos: de regularidade e operativos. Nos informes de fiscalización de regularidade verifícase o cumprimento da legalidade das contas anuais do ente fiscalizado, mentres que nos informes de fiscalización operativos analízanse a eficacia ou grao de cumprimento de obxectivos, a eficiencia ou relación entre medios empregados e resultados, así como a economía, ademais doutros posibles aspectos como a equidade, ecoloxía, etc. Pódese dar o caso de que un informe de fiscalización sexa integral: (de regularidade e operativo) ou pode ser sectorial (persoal, contratación, subvencións, etc).

Os informes, na fase de anteproxecto, unha vez coñecidos pola Sección de Fiscalización, sométense ás alegacións dos entes fiscalizados. Á vista das alegacións formuladas redáctase, pola área correspondente, un proxecto de informe que se somete á consideración da Sección de Fiscalización,

Memoria de Actividades 2014

que acorda o seu paso ao Pleno para a súa aprobación. Unha vez aprobados polo Pleno, os informes remítense ao Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, aos organismos e entidades fiscalizadas e ao Tribunal de Contas.

A continuación recóllense nun cadro os fitos da tramitación dos informes aprobados polo Pleno durante o ano 2014, con independencia, tanto da súa data de inicio, como da súa presentación ao Parlamento de Galicia.

INFORME	TRÁMITE						REMISIÓN AO PARLAMENTO
	EXERCICIO FISCALIZADO	APROBACIÓN ANTEPROX. SECC. FISCALIZACIÓN	ENVÍO ALEGACIÓNS	RECEPCIÓN ALEGACIÓNS	APROBA. PROXECTO INFORME SECC. FISCALIZACIÓN	APROBACIÓN INFORME PLENO	
Actividade concertada de diálise.	2012	07/11/2014	10/11/2014	Non houbo	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Resumo Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.	2010-2011	-----	-----	-----	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de A Coruña.	2010-2011	24/03/2014	08/04/2014	09/05/2014	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol.	2010-2011	18/07/2014	24/07/2014	Non houbo	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.	2010-2011	07/11/2014	07/11/2014	11/12/2014	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra.	2010-2011	07/10/2013	08/10/2013	15/11/2013	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo	2010-2011	18/07/2014	24/07/2014	Non houbo	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio e Industria de Ourense.	2010-2011	24/03/2014	26/03/2014	05/05/2014	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.	2010-2011	18/07/2014	04/08/2014	11/09/2014	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa.	2010-2011	02/06/2014	03/06/2014	Non houbo	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Tui.	2010-2011	24/03/2014	25/03/2014	24/04/2014	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Concello de Cangas.	2011	08/10/2014	09/10/2014	Non houbo	22/12/2014	22/12/2014	20/02/2015
Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	2011	04/12/2013	09/12/2013	17/01/2014	24/03/2014	08/10/2014	03/11/2014
Conta Xeral da Comunidade Autónoma.	2012	18/08/2014	19/08/2014	25/09/2014	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Contratación administrativa.	2010-2011	24/03/2014	26/03/2014	02/05/2014	18/07/2014	08/10/2014	03/11/2014
Programas de formación para o emprego. Volume I: Informe Xeral.	2010	24/03/2014	26/03/2014	02/05/2014	18/08/2014	08/10/2014	03/11/2014
Programas de formación para o emprego. Volume II: Fondos aplicados polos beneficiarios das axudas á formación de ocupados.	2010-2011	24/03/2014	26/03/2014	22/05/2014	18/08/2014	08/10/2014	03/11/2014
Endebemento da Xunta de Galicia.	2012	18/08/2014	19/08/2014	25/09/2014	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Fondos de Compensación Interterritorial.	2011	24/03/2014	27/03/2014	05/05/2014	02/06/2014	08/10/2014	03/11/2014
Fondos procedentes da Unión Europea.	2011	24/03/2014	27/03/2014	05/05/2014	02/06/2014	08/10/2014	03/11/2014
Fondos procedentes da Unión Europea.	2012	18/07/2014	19/08/2014	Non houbo	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Conta Xeral do Sergas.	2011	17/01/2014	22/01/2014	17/03/2014	24/03/2014	08/10/2014	03/11/2014

Conta Xeral do Sergas.	2012	1/808/2014	20/08/2014	Non houbo	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Servizo domiciliario de terapias respiratorias.	2012	18/08/2014	20/08/2014	Non houbo	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Prestación asistencial de exploracións de diagnóstico por imaxe de alta definición.	2012	18/08/2014	20/08/2014	Non houbo	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.	2011	02/06/2014	04/06/2014	Non houbo	18/07/2014	08/10/2014	03/11/2014
Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas.	2011-2012	--	--	--	08/10/2014	08/10/2014	03/11/2014
Conta Xeral das entidades locais de Galicia.	2011	--	--	--	24/03/2014	08/10/2014	03/11/2014
Conta Xeral das entidades locais de Galicia.	2012	--	--	--	18/07/2014	08/10/2014	03/11/2014
Concello de Mondoñedo.	2010	17/01/2014	23/01/2014	No hubo	24/03/2014	22/04/2014	03/11/2014
Concello de Triacastela	2010	07/10/2013	09/10/2013	No hubo	17/01/2014	22/04/2014	03/11/2014
Concello de Xinzo de Limia.	2009	24/03/2014	25/03/2014	No hubo	02/06/2014	08/10/2014	03/11/2014
Concello de Moaña.	2011	04/12/2013	05/12/2013	No hubo	24/03/2014	22/04/2014	03/11/2014
Cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas das EELL de Galicia.	2012	--	--		18/07/2014	08/10/2014	03/11/2014

O 29 de xaneiro de 1993, o Consello de Contas presentou ao Parlamento de Galicia o seu primeiro informe de fiscalización do sector público galego, referente ao exercicio 1990.

Desde 1993 á data actual, o Consello de Contas de Galicia vén presentando de forma ininterrompida ao Parlamento de Galicia os informes de fiscalización de cada exercicio.

O 3 de novembro de 2014 remitiuse ao Parlamento de Galicia a Memoria de Actividades e as contas da Institución correspondentes ao exercicio 2013, acompañadas polos documentos e informes que se indican a continuación:

Documentos	
Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondinte ao exercicio 2013. Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2013. Informe sobre contas rendidas en 2013 correspondentes ao exercicio 2012.	
Exercicio fiscalizado	Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
2011	Declaración definitiva sobre eo exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
2012	Declaración definitiva sobre eo exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
2010- 2011	Contratación administrativa.
2010	Programas de formación para o emprego. Volume I: Informe Xeral.
2010-2011	Programas de formación para o emprego. Volume II: Fondos aplicados polos beneficiarios das axudas á formación de ocupados.
2012	Endebedamento da Xunta de Galicia.
2010	Fondos de Compensación Interterritorial.
2011	Fondos de Compensación Interterritorial.
2011	Fondos procedentes da Unión Europea.
2012	Fondos procedentes da Unión Europea.
2011	Conta Xeral do Sergas.
2012	Conta Xeral do Sergas.
2011	Prestación de servizos sanitarios a pacientes alleos ao ámbito de cobertura ordinaria do Sergas e ao seu financiamento
2012	Servizo domiciliario de terapias respiratorias.
2012	Prestación asistencial de exploracións de diagnóstico por imaxe de alta definición.
2011	Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.
2011-2012	Informe económico-financieiro das entidades instrumentais autonómicas.

Memoria de Actividades 2014

2011	Conta Xeral das entidades locais de Galicia.
2012	Conta Xeral das entidades locais de Galicia.
2010	Concello de Mondoñedo.
2010	Concello de Triacastela.
2009	Concello de Xinzo de Limia.
2011	Concello de Moaña.
2012	Cumprimento dos prazos previstos para o pagamento das obrigas das EELL de Galicia.

A comparecencia do Conselleiro Maior ante a Comisión permanente non legislativa para as relacións co Consello de Contas tivo lugar o día 23 de decembro de 2014.

Posteriormente, o 20 de febreiro de 2015, remitíronse ao Parlamento de Galicia os seguintes informes aprobados polo Pleno o 22 de decembro de 2014:

Exercicio fiscalizado	Informes de fiscalización sobre o sector público de Galicia
2012	Actividade concertada de diálise.
2010-2011	Resumo das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Pontevedra.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Lugo.
2010-2011	Cámara de Comercio e Industria de Ourense.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa.
2010-2011	Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Tui.
2011	Concello de Cangas.

Neste caso a comparecencia celebrouse o día 24 de marzo de 2015.

Os informes de fiscalización aprobados polo Pleno do Consello de Contas de Galicia durante o ano 2014, atópanse dispoñibles a texto completo na sede web da Institución www.ccontasgalicia.es. Nesta dirección recóllese unha relación completa de todos os informes de fiscalización que o Consello de Contas de Galicia presentou ao Parlamento de Galicia desde o inicio da súa actividade e a versión electrónica dos informes posteriores ao exercicio 1996. Para consultar os anteriores, é dicir, os correspondentes aos exercicios 1990 a 1995, é preciso porse en contacto coa biblioteca da Institución, onde se facilitará a súa consulta.

IV. DESENVOLVEMENTO DOS SERVIZOS

IV.1. PERSOAL

A Relación de Postos de Traballo do persoal do Consello de Contas de Galicia, aprobada polo Acordo Plenario de data 05.10.2005 e publicada no DOG nº 6 de 10.01.2006, con data de efectos do 01.01.2006, mantívose sen variacións durante o ano 2014.

A plantilla non experimentou cambios, excepto a baixa dun Técnico de auditoría que cesou por traslado a outra Administración Pública.

Ao longo do exercicio 2014 desenvolvéronse os seguintes procedementos de libre designación para cubrir prazas vacantes:

DATA CONVOCATORIA	DATA RESOLUCIÓN	DENOMINACIÓN	Nº
04.12.2013 (DOG nº 1, do 02.01.2014)	20.02.2014 (DOG nº 44 do 05.03.2014)	Técnico de Informática	1
18.11.2014 (DOG nº 231 do 02.12.2014)	Pendente	Técnico de Auditoría	1

A estrutura do persoal resultante do exercicio, a 31 de decembro de 2014, é a seguinte:

Persoal funcionario			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Auditor, nivel 30	10	10	0
Interventor	1	1	0
Letrado Maior, nivel 30	1	1	0
Letrado, nivel 28	1	1	0
Auditor, nivel 28	6	6	0
Xefe Servizo Informática	1	1	0
Xefes de Sección	3	3	0
Técnico de Informática	1	1	0
Técnicos de Auditoría	22	20	2
Axudantes de Auditoría	12	10	2
Axudante Arquivo e Biblioteca	1	1	0
Administrativo de Informática.	1	1	0
Secretaria/o do Secretario Xeral	1	1	0
Aux.-Admvo. (secretario/a n. 30)	2	2	0
Auxiliar-Admvo., nivel 16	16	16	0
Total persoal funcionario	79	75*	4

*9 Prazas ocupadas por persoal interino

Persoal Laboral			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Conductor de Alto Cargo	6	6	0
Conserxe	1	1	0
Subalterno	1	1	0
Total persoal laboral	8	8	0

Persoal eventual			
Denominación do posto de traballo	Con dotación orzamentaria	Ocupadas	Vacantes
Técnico Asesor	1	0	1
Secretaria/o	5	5	0
Total persoal eventual	6	5	1

Por outra banda, no referido á negociación colectiva e á representación e participación do persoal, a Mesa Xeral de Negociación do Persoal Funcionario do Consello de Contas de Galicia constituída o día 15 de decembro do 2008, mantivo unha reunión durante o ano 2014, co fin de facer o seguimento das cuestións referentes á normativa reguladora do persoal funcionario da Institución.

IV.2. FORMACIÓN

O oito de xullo de 2008 asinou un convenio de colaboración coa “Fundación para la Formación e Investigación en Auditoría del Sector Público” (FIASEP). Coa firma deste convenio o Consello de Contas adquiriu a condición de entidade colaboradora de FIASEP, integrándose, en consecuencia, como membro de pleno dereito no Consello Superior de Actividades da fundación, ostentando a partir dese momento a facultade de nomear un representante no pleno do devandito consello, así como en todas as comisións creadas no seu seo. Así mesmo, a Institución alcanza un trato preferente no campo da formación impartida pola fundación, tanto mediante cursos de ámbito xeral como en termos de formación a medida para o persoal ao seu servizo.

No seguinte cadro reflíctense os cursos convocados por FIASEP nos que participou persoal da Institución ao longo do exercicio 2014:

Cursos realizados en 2014

Cursos fiasep	Nº Participantes
Auditoría de empresas públicas, entes e axencias	1
Contabilidade pública e programa actualizado á instrución da contabilidade local	1
Xestión e control de subvencións	1
Auditoría da legalidade, contratación administrativa e outros ámbitos	1
Informes de Auditoría Pública	1
Curso monográfico sobre ética pública e medio para previr a corrupción	2
Total	7

Por outra banda, persoal do Consello participou nas actividades que se indican a continuación:

Cursos realizados en 2014

Outras actividades 2014	Nº Participantes
VI Congreso Nacional de Auditoría Pública	21
Total	21

IV.3. BIBLIOTECA E ARQUIVO

A Sección de Arquivo e Biblioteca xestiona os recursos de información: información que se produce no exercicio da actividade institucional (documentación de arquivo); información externa, precisa para a realización de tarefas administrativas e de control (recursos bibliográficos e documentais) e información pública da organización (publicacións institucionais).

IV.3.1. ARQUIVO E XESTIÓN DOCUMENTAL.

No referido á documentación administrativa, desenvólvense os traballos propios dun arquivo central, realizando tarefas de recollida, instalación, descrición e servizo ás unidades produtoras dos fondos documentais da Institución.

Durante o ano 2014, no arquivo entraron 393 unidades de instalación, transferidas desde as unidades de xestión e as áreas de fiscalización, que foron reinstaladas e descritas ao longo do ano. Por outra parte, ingresaron diversos contratos comunicados polo sector público, que foron remitidos por diferentes xestores públicos autonómicos. Os datos quedan recollidos no seguinte cadro resumo:

2014: Unidades de instalación ingresadas e descritas– Unidades documentais prestadas

	Conta Xeral	Coordinación	Corporacións Locais	Institucional	Sergas	Secretaría	TOTAL
Ingresadas	74	--	62	119	34	104	393
Descritas	74	--	62	102	67	63	368
Prestadas	3	1	14	9	1	17	45
Contratos comunicados							
	Nº de rexistros			Nº de unidades			
	206			6			---

IV.3.2. BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN.

Por outra banda, realízanse actividades de carácter técnico, de tratamento da información, así como tarefas de prestación de servizos a usuarios internos e a institucións e usuarios externos, propias dun servizo de Biblioteca.

Dentro dos procesos técnicos son fundamentais os que teñen como obxecto o control dos recursos bibliográficos mediante a súa incorporación ao catálogo automatizado da biblioteca, así como os de localización e adquisición de fondos e documentos. Os datos seguintes son resumo destes procesos:

Rexistros catalogados 2014

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
146	1	216	216	579

Rexistros dados de baixa 2014

Monografías	Publicacións seriadas	Exemplares publicacións seriadas	Analíticas de periódicas e monográficas	Total
23	0	0	2	25

Número total de Rexistros no Catálogo a 31/12/2014

Rexistros Monografías	Rexistros Publicacións seriadas	Rexistros exemplares publicacións seriadas	Rexistros Analíticas de periódicas e monográficas	Total
9.333	428	9.576	10.038	29.755

Igualmente, se prestan servizos de atención personalizada en sala, facilitando información sobre fondos ou servizos propios, efectuando buscas bibliográficas e localizando fondos doutras bibliotecas ou servizos documentais. Pódese estimar que durante o ano 2014 a Biblioteca recibiu 1.040 visitas entre o persoal da Institución.

Memoria de Actividades 2014

Os datos reflectidos no seguinte cadro recollen o número de solicitudes atendidas pola Biblioteca nos servizos de préstamo a domicilio e de acceso ao documento, así como o número de documentos ou copias facilitadas mediante eses servizos:

Servizos aos usuarios 2014

Fondos bibliográficos	Número de Solicitudes	Número de ítems
Préstamo a domicilio	480	480
Préstamo interbibliotecario	0	0
Acceso ao documento	20	165 copias e 3 pdf
Rexistro Mercantil	Número de Empresas	Número de solicitudes
	10	
Certificacións literais		
Contas e outra información		13

Ademais dos servizos de atención personalizada, de cuxa actividade dan conta os cadros anteriores, a Biblioteca presta outros servizos de referencia e difusión da información, empregando as seguintes vías:

- módulo OPAC, que permite a todo o persoal da Institución consultar en todo momento o catálogo bibliográfico da Biblioteca e acceder aos artigos de revistas a texto completo ou aos sumarios das monografías de maior interese.
- A intranet da institución que constitúe un portal único que fai visibles os recursos da Biblioteca, facilita o acceso a recursos de información virtual e permite unha difusión práctica e áxil da información, mediante alertas ou boletíns de novidades institucionais, xurídicas ou bibliográficas.
- correo electrónico que se emprega como complemento na difusión de novas sobre os servizos da Biblioteca ou como vía de difusión de información de interese.

No cadro seguinte queda constancia do número de consultas efectuadas ao catálogo OPAC e aos recursos e servizos da Biblioteca na Intranet:

Consultas 2014

Consultas no OPAC	Consultas na INTRANET					
	Información Xeral	Servizos	E-Biblioteca	Taboleiro	Boletín electrónico	Total Intranet
202	924	147	952	448	140	2.574

IV.4. SERVIZO DE INFORMÁTICA

IV.4.1. PROXECTOS DE SISTEMAS.

A) IMPLANTACIÓN DUN NOVO CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO

O correo electrónico corporativo é un servizo moi importante e que ten que ofrecerse con garantías de calidade, dispoñibilidade e seguridade. Por iso o Consello de Contas sempre optou pola externalización xa que non conta nin cos medios materiais nin humanos para ofrecelo. Así, optouse pola solución de Google Apps, que permite dispor, ademais do correo, doutras funcionalidades na nube, consideradas interesantes no traballo de colaboración entre os equipos de auditoría.

B) TRABALLOS DE MANTEMENTO E REORGANIZACIÓN DO CPD

Realizáronse tarefas de mantemento e limpeza no Centro de Proceso de Datos (CPD) que consistiron nunha reorganización do cableado de datos e unha limpeza dos armarios e servidores.

IV.4.2. PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO.

A) REPOSITORIO CORPORATIVO DE CONTAS RENDIDAS EN FORMATO ELECTRÓNICO

O Consello de Contas puxo en funcionamento un repositorio institucional da información rendida en formato electrónico que da garantía de integridade e permite almacenala ordenadamente. Para a realización das tarefas de fiscalización as áreas acceden en modo lectura, efectuando as súas consultas sen que a información orixinal sexa manipulada.

B) INTEGRACIÓN DA APLICACIÓN DE CENSO DO SECTOR INSTITUCIONAL CO REPOSITORIO DE CONTAS RENDIDAS

Trala posta en marcha do repositorio institucional das contas rendidas, realizouse unha adaptación da aplicación de xestión e control do censo do Sector Institucional para poder vincular os rexistros das entidades coa súa conta rendida. Isto facilita a publicación da información rendida na web do Consello.

C) INFORMES WEB DE ENTIDADES LOCAIS COS DATOS OBTIDOS DO BIRT ANALYTICS

O obxecto desta actuación foi a publicación de resultados de análises de información contable en formato web no Consello de Contas. Trátase de crear informes web, unha nova forma de presentación de resultados máis directa e que permite a consulta de información navegable, con filtros e cun alto nivel de desglose. Actualmente, o Consello de Contas publica como informes web só os datos de rendición das Entidades Locais. Agora dáse un paso adiante publicando información

contable, directamente dos datos rendidos ou agregados, ou de resultados de análises en base a eses datos.

V. ACTIVIDADE INSTITUCIONAL

O Consello de Contas participa activamente en distintos foros, tanto a nivel nacional como internacional, potenciando a proxección da Institución fóra da Comunidade Autónoma, mediante a elaboración de relatorios e comunicacións, fundamentalmente no ámbito da colaboración entre os diferentes órganos de control externo, que permiten unha adecuada difusión do labor desenvolvido por esta institución.

Así, no ano 2014, o Consello, representado polo Conselleiro Maior, participou nas seguintes reunións:

- Foro de Economía: España ante a recuperación económica. A volta ao crecemento, organizado polo *Centro de Estudios de Políticas Públicas y Gobierno de la Universidad de Alcalá de Henares*, celebrado en Sevilla os días 29 e 30 de xaneiro.
- Reunión da Comisión de Normas de Fiscalización do *Tribunal de Cuentas y los Órganos de Control Externo*, celebrada en Madrid o 10 de abril.
- Conferencia de Presidentes dos Órganos de Control Externo e reunión dos Presidentes dos Órganos de Control Externo co Presidente do *Tribunal de Cuentas*, celebradas en Santa Cruz de Tenerife os días 26 e 27 de xuño.
- Reunión de Presidentes dos Órganos de Control Externo, na *Cámara de Cuentas de Madrid* o 15 de outubro.
- Seminario de EURORAI sobre "A auditoría nun período de austeridade", celebrado en Edimburgo os días 23 e 24 de outubro.
- Foro de Sanidade: A promoción da saúde e a prevención da enfermidade crónica, organizado polo *Centro de Estudios de Políticas Públicas y Gobierno de la Universidad de Alcalá de Henares*, en Alcalá de Henares os días 30 e 31 de outubro.
- I Xornada sobre "Os Entes Instrumentais da Administración Pública de Galicia, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela.
- Conferencia de Presidentes dos Órganos de Control Externo e reunión dos Presidentes dos Órganos de Control Externo co Presidente do *Tribunal de Cuentas*, celebradas en Madrid os días 3 e 4 de decembro.

A Institución estivo presente, a través dos seus Conselleiros, en distintos actos, xornadas, seminarios e congresos celebrados a nivel nacional e internacional, entre os que cabe destacar:

- Foro de Economía: España ante a recuperación económica. A volta ao crecemento, organizado polo *Centro de Estudios de Políticas Públicas y Gobierno de la Universidad de Alcalá de Henares*, celebrado en Sevilla os días 29 e 30 de xaneiro.
- XVIII Xornadas de Presupostación, Contabilidade e Control Público e exposición conmemorativa do 140 aniversario da IGAE, organizadas pola *Intervención General de la Administración del Estado*, en Madrid os días 16 ao 18 de febreiro.
- Xornada "Por qué nos importa Europa?: O futuro das rexións na Unión Europea", organizada polo Parlamento de Galicia, en Santiago de Compostela o 31 de marzo.
- Seminario "A fiscalización das contas anuais nas corporacións locais", organizado pola *Cámara de Cuentas de Canarias* e *EURORAI*, en Santa Cruz de Tenerife os días 3 ao 5 de abril.
- Comisión de coordinación no ámbito local, en Santa Cruz de Tenerife, o 28 de abril.
- XIII Xornadas técnicas sobre o control externo dos fondos da Unión Europea, en Luxemburgo, os días 26 e 27 de setembro.
- Reunión no *Tribunal de Cuentas*, en Madrid, o 30 de setembro.
- I Xornada de Estudo dos Servizos Xurídicos dos Órganos de Fiscalización Externa. Problemas xurídicos plantexados na fiscalización da Administración Instrumental, organizado pola *Cámara de Cuentas de Andalucía*, en Sevilla o día 16 de outubro.
- Seminario "A auditoría nun período de austeridade: Unha avaliación do impacto da recesión económica xeral no papel dos órganos de control, o alcance das auditorías realizadas e a dotación de recursos", organizado por *EURORAI*, en Edimburgo, os días 23 a 25 de outubro.
- Foro de sanidade: "A promoción da saúde e a prevención da enfermidade crónica", organizado polo *Centro de Estudios de Políticas Públicas y Gobierno de la Universidad de Alcalá de Henares*, en Madrid, os días 30 e 31 de outubro.
- VI Congreso Nacional de Auditoría do Sector Público, celebrado en Palma de Mallorca, os días 12 al 14 de novembro.
- Presentación do Informe Anual do *Tribunal de Cuentas Europeo*, relativo ao exercicio 2013, celebrada o 20 de novembro en Madrid.

VI. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

VI.1. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO 2014

VI.1.1. CRÉDITOS INICIAIS. MODIFICACIÓNS E CRÉDITOS DEFINITIVOS.

O orzamento de gastos do Consello de Contas correspondente ó exercicio 2014, segundo o establecido na Lei 11/2013, de 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, consigna créditos para gastar na Sección 02, denominada Consello de Contas, por importe de 6.517.714 €.

O destino dos créditos iniciais é financiar:

- Gastos por operacións correntes. Consignando para esta finalidade 6.148.473€, que representan o 94,34% dos créditos iniciais. Dentro do gasto corrente destacan os destinados a gastos de persoal e a gastos en bens correntes e servizos, por importes de 4.902.429 € e 1.243.339 €, respectivamente, que representan o 75,22% e o 19,08% do orzamento.
- Gastos por operacións de capital e activos financeiros por importe de 333.180 € e 36.061 €, respectivamente, que representan o 5,11% e 0,55% do orzamento inicial.

Os créditos iniciais foron obxecto da seguintes modificacións:

- Unha transferencia externa por importe de 1.284.312,20€ dando de baixa no orzamento do Consello as dotacións non utilizadas a fin de exercicio.
- Dúas transferencias internas por importe de 55.386 €; unha entre créditos do capítulo I, por importe de 9.386€; e outra entre créditos do capítulo II, por 46.000 €.
- Estas modificacións supoñen a minoración do 19,71€ dos créditos iniciais.

Por capítulos as cifras e porcentaxes de créditos iniciais, modificacións e definitivos son:

Capítulos	C. Iniciais	% créditos S/ orzamento	Modificacións		C. Definitivos	% variación capítulos
			Positivas	Negativas		
I	4.902.429,00	75,22	9.386,00	595.616,70	4.316.198,30	-11,96
II	1.243.339,00	19,08	46.000,00	447.110,94	842.228,06	-32,26
IV	2.705,00	0,04	0,00	705,00	2.000,00	-26,06
VI	333.180,00	5,11	0,00	272.204,56	60.975,44	-81,70
VIII	36.061,00	0,55	0,00	24.061,00	12.000,00	-66,72
	6.517.714,00	100,00	55.386,00	1.339.698,20	5.233.401,80	-19,71

VI.1.2. OBRIGAS E PAGAMENTOS.

As obrigas recoñecidas ascenderon á cantidade de 5.233.401,80 € que supón a execución do 80,30% dos créditos iniciais.

Os pagamentos realizados importaron 5.152.993,06 € que supoñen a cancelación do 98,46% das obrigas recoñecidas durante o exercicio e que o 79,06% dos créditos iniciais foron gastados e pagados, quedando pendente de pagamento obrigas por importe de 80.408,74 €.

As obrigas pendentes de pagamento procedentes de exercicios anteriores por importe de 101.802,12 €, foron canceladas na súa totalidade.

Por capítulos de gasto, as cifras e porcentaxes de obrigas e pagamentos son:

Capítulos	C. Iniciais	Obrigas	% Obrigas s/ c. iniciais	Pagamentos	% pagamentos s/ obrigas	% pagamentos s/ c. iniciais
I	4.902.429,00	4.316.198,30	88,04	4.265.900,04	98,84	87,02
II	1.243.339,00	842.228,06	67,74	812.117,58	96,43	63,32
IV	2.705,00	2.000,00	73,94	2.000,00	100,00	73,94
VI	333.180,00	60.975,44	18,30	60.975,44	100,00	18,30
VIII	36.061,00	12.000,00	33,28	12.000,00	100,00	33,28
	6.517.714,00	5.233.401,80	80,30	5.152.993,06	98,46	79,06

A execución por capítulos e artigos é a seguinte:

Capítulo I "gastos de persoal"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% Pagamentos S/ C.I.
10 "Altos cargos"	349.861,00	249.729,88	71,38	4,77	249.729,88	71,38
11 "Persoal eventual"	153.804,00	117.588,56	76,45	2,25	117.588,56	76,45
12 "Funcionarios"	3.076.436,00	2.783.593,20	90,48	53,19	2.783.593,20	90,48
13 "Laborais"	244.616,00	248.534,49	101,60	4,75	248.534,49	101,60
15 "Incentivos ao rendemento"	324.741,00	280.522,84	86,38	5,36	280.522,84	86,38
16 "Cotas, pres. gastos sociais"	752.971,00	636.229,33	84,50	12,16	585.931,07	77,82
	4.902.429,00	4.316.198,30	88,04	82,47	4.265.900,04	87,02

O importe destinado a gastos de persoal é de 4.902.429,00 € que representan o 75,22% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 4.316.198,30 €, polo que o 88,04% dos créditos destinados a gastos de persoal foron gastados e os non gastados supuxeron 586.230,70€.

Tendo en conta a orixe legal das obrigas de gastos de persoal, os remanentes son consecuencia, fundamentalmente, da non cobertura durante todo o exercicio da totalidade das prazas dotadas e existentes na relación de postos de traballo.

Capítulo II "gastos en bens correntes e servizos"

Artigos	C. Iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
20 "Alugueros e cánones"	62.906,00	49.576,05	78,81	0,95	45.506,34	72,34
21 "Reparación, mant. e cons."	244.919,00	244.990,37	100,03	4,68	244.356,50	99,77
22 "Material, submin. e outros"	847.134,00	503.029,46	59,38	9,61	477.622,56	56,38
23 "Indemnización por razón de servizo."	84.380,00	40.771,30	48,32	0,78	40.771,30	48,32
27 "Publicacións"	4.000,00	3.860,88	96,52	0,07	3.860,88	96,52
	1.243.339,00	842.228,06	67,74	16,09	812.117,58	65,32

O importe destinado a gasto en bens correntes e servizos é de 1.243.339,00 € e representa o 19,08% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 842.228,06 € o que implica que o 67,74% dos créditos foron gastados e que os non gastados supuxeron 401.110,94 €. Estes remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de gasto necesarias para o funcionamento da Institución e o seguimento dunha política de restrición de gastos, realizándose unicamente os imprescindibles.

Capítulo IV "Transferencias correntes"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
49 "Transferencias ao exterior"	2.705	2.000,00	73,94	0,04	2.000,00	73,94
	2.705	2.000,00	73,94	0,04	2.000,00	73,94

O importe destinado a gasto en transferencias correntes é de 2.705 € e representa o 0,04% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 2.000,00 € o que supón que o 73,94% dos créditos foron gastados e os non gastados supuxeron 705,00€.

O destino das transferencias é a cobertura financeira da participación do Consello de Contas como membro da Organización Europea das Institucións Rexionais de Control Externo do sector público (EURORAI).

Capítulo VI "Investimentos reais"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
62 "Inv. Nov asociado ao fun. Op. Dos servizos"	273.265,00	58.173,01	21,29	1,11	58.173,01	21,29
63 "Inv. de rep. asociado ao func.. op. dos servizos"	59.915,00	2.802,43	4,68	0,05	2.802,43	4,68
	333.180,00	60.975,44	18,30	1,17	60.975,44	18,30

O importe destinado a gasto en investimentos reais é de 333.180,00 € e representa o 5,11% do importe total do orzamento inicial. O importe gastado é de 60.975,44 € o que supón que o 18,30% dos créditos foron gastados, ascendendo a 272.204,56 € os non gastados.

Os remanentes son consecuencia dunha presupostación suficiente para asegurar o financiamento interno das decisións de investimento e a realización estrita das necesarias.

Capítulo VIII "Activos financeiros"

Artigos	C. iniciais	Obrigas recoñecidas	% obrigas S/ C. I.	% obrigas S/ total gasto	Pagamentos realizados	% pagamentos S/ C.I.
83 "Concesión préstamos fóra do sector público"	36.061,00	12.000,00	33,28	0,23	12.000,00	33,28
	36.061,00	12.000,00	33,28	0,23	12.000,00	33,28

A finalidade é proporcionar cobertura financeira para conceder anticipos reintegrables, polo tanto o importe fórmulase con carácter precautorio e o gasto está en función das peticións formuladas.

O importe destinado a gasto en concesión de anticipos é de 36.061 € e representa o 0,55% do importe total do orzamento inicial. O importe concedido é de 12.000,00 €, o que supón que o 33,28% dos créditos foron gastados e os non gastados supuxeron 24.061,00 €.

VI.2. EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DO EXERCICIO 2014

VI.2.1. PREVISIÓNS INICIAIS, DEREITOS E RECADACIÓN.

Como consecuencia das cifras consignadas para gastos, a execución e a actividade financeira desenvolvida efectuáronse as previsións, dereitos e recadación seguinte:

Capítulos	Previsións iniciais	Dereitos recoñecidos	Recadación	Pendientes de Cobro
3 "Taxas, presos públicos e outros ingresos"	0,00	5.798,95	5.798,95	0,00
4 "Transferencias correntes"	6.148.473,00	5.148.688,80	5.068.280,06	80.408,74
5 "Ingresos patrimoniais"	0,00	5.938,61	5.921,69	16,92
6 "Alleamento de investimentos reais"	0,00	1.834,00	1.834,00	0,00
7 "Transferencias de capital"	333.180,00	59.141,44	59.141,44	0,00
8 "Activos financeiros"	36.061	12.000,00	4.071,51	7.928,49
	6.517.714,00	5.233.401,80	5.145.047,65	88.354,15

A recadación dos dereitos pendentes de cobro de exercicios anteriores foi polos importes e conceptos seguintes:

Capítulos	Saldo inicial dereitos	Recadación	Pendientes de cobro
4 "Transferencias correntes"	71.178,11	71.178,11	0,00
5 "Ingresos patrimoniais"	13,78	13,78	0,00
7 "Transferencias de capital"	30.624,01	30.624,01	0,00
8 "Activos financeiros"	1.717,16	1.717,16	0,00
	103.533,06	103.533,06	0,00



DILIXENCIA:

Para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia na súa sesión do día 16 de xuño de 2015.

Santiago de Compostela, a 16 de xuño de 2015.

O Secretario Xeral,


Consello de Contas de Galicia
SECRETARIO XERAL

Asdo.: Juan Manuel Rodríguez Rodríguez.